

## **DOCUMENTACION**

1. **Libro de Familia** onde apareza o alumno para o que se solicita o ingreso.
  2. **Documento Nacional de Identidade** ou Pasaporte dos pais ou titores.
  3. **Certificado de empadroamento ou convivencia** da unidade familiar expedido polo Concello.
  4. No caso de **separación, divorcio e nulidade matrimonial**, acreditación de dita circunstancia, con expresión do réxime de visitas.
  5. Unha fotocopia da **última nómina** de cada un dos membros da unidade familiar en activo. No caso de traballadores autónomos presentarase o xustificante do último ingreso a conta trimestral presentado.  
No caso de que un ou varios dos membros da unidade familiar non teñan ocupación laboral, presentarán unha **certificación do INEM**, ou do organismo autonómico correspondente, que acredite a situación de desemprego ou de percepción, ou non, de prestacións por aquel concepto.
  6. No caso de persoas que tivesen presentada a declaración do Imposto sobre a Renda das persoas físicas (**IRPF**).
    - a) Unha copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas da unidade familiar. En caso de declaracíons individuais, presentarán unha copia da declaración de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar.
    - b) Os solicitantes da devolución rápida, presentarán unha copia da comunicación que lles remitirá a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) en aplicación da normativa tributaria reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.  
No caso de persoas que non tivesen presentada a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), certificación dos datos existentes na Administración, que expide a Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Outros documentos acreditativos de todas aquelas situacíons que, por baremo sexan susceptibles de puntuación.